


**QUERER
é COIDAR**



GESTIÓN DE
COLONIAS
FELINAS
MÉTODO CER



MÉTODO 'CER'

Captura Esterilización Retorno

Unha colonia controlada é un grupo de gatos, esterilizados cirurxicamente, que conviven nun espazo público ou privado, e que son controlados sanitariamente e alimentados.


O obxectivo principal deste procedemento é acadar a mellora da calidade de vida dos membros destas colonias, diminuír os problemas da superpoboación e xerar beneficios por unha axeitada integración na realidade urbana de Mugardos que contribúa á súa socialización e convivencia.

A poboacións de gatos urbanos son o mellor e máis eficaz controlador biolóxico de roedores e poden ter diversas orixes: abandono de animais non identificados por parte dos seus propietarios/as, exemplares domésticos perdidos, camadas procedentes de gatas con propietario/a, non esterilizadas e de hábitos merodeadores, que tiveron os seus cachorros fóra da casa.

Controlar o tamaño das colonias mediante a súa esterilización é o obxectivo a acadar con este procedemento de xestión de colonias de gatos urbanos que persegue:

- a) *Reducir ou eliminar os posibles problemas que poidan xurdir asociados á presenza de gatos urbanos non controlados.*
- b) *Estabilizar o tamaño das colonias, diminuíndo o volume de animais.*
- c) *Favorecer a colaboración dos colectivos de alimentadores/as e colaboradores/as, imprescindible para a efectividade dos programas de control.*
- d) *Evitar o sacrificio de animais sans polo simple feito de non ter propietario/a*

O **método CER** é a opción prioritaria e imprescindible para a xestión destas colonias, minimizando os inconvenientes derivados da vocalización característica das femias en celo, reducindo as condutas de marcaxe e o comportamento agresivo dos machos, e polo tanto, as pelexas. Ademais, ao ter a poboación esterilizada, evítanse novas camadas, e en consecuencia, o crecemento da poboación, mellorando simultaneamente o seu estado de saúde por estar controlados sanitariamente e recibir unha alimentación adecuada.



Captura Esterilización Retorno

A base legislativa de referencia está recollida na *LEI 4/2017, de 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, Art. 26. Colonias felinas* que atribúe aos Concellos a xestión e o control ético das mesmas, así como a propia Ordenanza Municipal de Tenza e Benestar dos Animais de Compañía, aprobada en pleno e en vigor dende o pasado mes de xaneiro de 2022.

Este programa apóiase no labor altruísta da cidadanía de Mugardos e facilita a colaboración de persoas voluntarias, a asociación de defensa animal InDiCan como coordinadora do programa así como os veterinarios participantes no proceso de castración, desparasitación, microchipado dos animais, e os distintos provedores de casetas e alimentación, todos eles, xunto co Concello de Mugardos, traballan pola protección animal cumprindo así a demanda e obriga de respecto, o coidado e o control, promovendo a convivencia harmónica entre a cidadanía e os animais na contorna humana.

A TÚA IMPLICACIÓN É IMPRESCINDIBLE!

Aínda que se faga con moi boas intencións, alimentar, dentro ou fóra da nosa casa, a un gato, que non sexa noso, **PREXUDÍCALLE**. Para poder censar unha colonia, esterilízala e controlar que todos os individuos se manteñan sans ao longo da súa vida, deben acudir á hora da comida. Se alimentas a un gato que non coñeces, ademais de ser sancionado por facelo, podes estar desprazándoo dunha colonia, evitando que poida ser esterilizado e que teña un control sanitario.

Se decides **ADOPTAR** ou **ACOLLER** a un gato, lembra que non só debes darlle de comer, tamén debes identificalo mediante chip, vacínalo e responsabilizarte del. Non permitas que saia sen supervisión e moito menos se non está esterilizado. Podería sufrir accidentes, comer cousas prexudiciais e reproducirse sen control.

Non o abandones. Un gato que non naceu e medrou na rúa non sobrevive. Hai moitos perigos aos que debe enfrontarse (coches, cans, outros gatos, persoas que os agreden, envelenan, etc.), ademais de ter que conseguir comida e refuxio.

O **ABANDONO** e o **MALTRATO** dos animais están penados pola Lei.



QUEN?

As persoas coidadoras destas colonias son veciñas e veciños voluntarios de Mugarodos que seguen un protocolo de actuación establecido e encárganse de:

- o censo das colonias
- a alimentación
- as capturas para esterilización, microchipado, desparasitación, etc.
- o control e a supervisión da colonia

Están en continuo contacto co Concello para coordinar a súa actuación e solucionar cantas cuestións e incidentes poidan xurdir. As persoas voluntarias contan cun carné identificativo expedido polo Concello que as habilita, unicamente a elas, para coidar, alimentar e controlar cadansúa colonia.

Se queres participar e colaborar no programa sendo alimentador/a oficial, adoptante, casa de acollida, etc. contacta:

Correo-e: CER@mugarodos.gal



Ordenanza Municipal de Tenza e
Benestar dos Animais de Compañía



Concello de
Mugarodos